

#### 1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

**AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCIÓN DA XORNADA DE TRABALLO.**

#### 2. FINALIDADE / OBXECTIVO

REGULACIÓN DO RÉXIME DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A AQUELES TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCIÓN DA SÚA XORNADA DE TRABALLO, ASÍ COMO A CONVOCATORIA DESTAS PARA O ANO 2010.

#### 3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIÓNS A **FONDO PERDIDO, NUN PAGAMENTO ÚNICO.**

#### 4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

**1.HOMES TRABALLADORES POR CONTA ALLEA**, TANTO DA EMPRESA PRIVADA COMO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTES PÚBLICOS DE DEREITO PRIVADO E EMPRESAS PÚBLICAS DEPENDENTES DELAS, CON INDEPENDENCIA DE QUE O SEU VÍNCULO SEXA LABORAL, FUNCIONARIAL OU ESTATUTARIO E **OS SOCIOS DAS SOCIEDADES COOPERATIVAS**, SEMPRE QUE ESTES ÚLTIMOS PERTENZAN AO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, QUE SE ACOLLAN Á REDUCIÓN DE XORNADA.

**2.FAMILIAS MONOPARENTAIS** EN QUE A **PERSONA SOLICITANTE**, HOME OU MULLER, SEXA **TRABALLADORA POR CONTA ALLEA** E SE ACOLLA Á REDUCIÓN DE XORNADA.

**EN NINGÚN CASO PODERÁN SER BENEFICIARIOS OS PROXENITORES PRIVADOS DA PATRIA POTESTADE DOS SEUS FILLOS/AS, OU SE A TUTELA OU GARDA FOSE ASUMIDA POR UNHA INSTITUCIÓN PÚBLICA.**

As persoas solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

#### 5. SECTORES INCENTIVABLES

#### 6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

PARA PODER ACOLLERSE A ESTAS AXUDAS OS **SOLICITANTES** DEBERÁN DE CUMPRIR OS SEGUINTES **REQUISITOS**:

A) **ESTAR INSCRITAS NO PADRÓN DE CALQUERA MUNICIPIO DOS INTEGRADOS NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA, POLO MENOS CUN ANO DE ANTELACIÓN Á PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

B) NO CASO DE **FAMILIAS NON MONOPARENTAIS, O OUTRO MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR DEBERÁ SER TRABALLADORA POR CONTA ALLEA OU BEN AUTÓNOMA E MANTER ESA SITUACIÓN DURANTE TODO O PERÍODO SUBVENCIONADO.**

C) QUE NA DATA DA SOLICITUDE O/A FILLO/A CONVIVA COA PERSOA SOLICITANTE.

D) QUE O PERÍODO SOLICITADO NON COINCIDA CO PERMISO POR MATERNIDADE NIN CON CALQUERA OUTRO PERMISO, LICENZA OU EXCEDENCIA PARA A MESMA FINALIDADE.

#### 7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

#### 8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

- AS AXUDAS, SERÁN CONCEDIDAS AOS TRABALLADORES QUE, ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2009 E ATA O 31 DE AGOSTO DE 2010, SE ATOPEN OU ATOPASEN NO MOMENTO DA SOLUCITUDE NUNHA SITUACIÓN DE REDUCCIÓN DA XORNADA DE TRABALLO DE ATA UN MÁXIMO DA METADE DA DURACIÓN DAQUELA PARA O COIDADO DUN/DUNHA FILLO/A MENOR DE 3 ANOS, OU BEN, MESMO SUPERANDO ESA IDADE, QUE O/A MENOR PADEZA UNHA DISCAPACIDADE RECOÑECIDA DE PORCENTAXE IGUAL OU SUPERIOR AO 33% E SEXA MENOR DE 12 ANOS.

- NO SUPOSTO DE FILLOS ADOPTADOS, NON SE TERÁN EN CONTA A DATA DE NACEMENTO, PERO PARA TER DEREITO Á AXUDA NON DEBERÁN TRANSCORRER MÁIS DE TRES ANOS, DENDE A DATA DA RESOLUCIÓN XUDICIAL POLA QUE SE CONSTITÚE A ADOPCIÓN. EN CALQUERA CASO, O/A FILLO/A POLO/A QUE SE SOLICITA A AXUDA TERÁ QUE SER MENOR DE 12 ANOS.

- O TEMPO MÁXIMO POLO QUE SE PODERÁ CONCEDER A AXUDA Á REDUCCIÓN DE XORNADA PARA FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE SERÁ DE 8 MESES ININTERROMPIDOS E O TEMPO MÍNIMO DE DURACIÓN DA REDUCCIÓN DE XORNADA DEBERÁ SER DE 60 DÍAS NATURAIS ININTERROMPIDOS.

#### 9. CONTÍA DAS AXUDAS

A) CANDO A REDUCCIÓN DE XORNADA SEXA DE ATA O 15% DA XORNADA LABORAL E A SÚA DURACIÓN SEXA POLO TEMPO MÁXIMO DE 8 MESES:

- 2.400 EUROS SE É A/O PRIMEIRA/O FILLA/O.
- 2.700 EUROS SE É A/O SEGUNDA/O FILLA/O OU SE SON XEMELGAS/OS.
- 3.000 EUROS SE É A/O TERCEIRA/O FILLA/O OU SE SON TRIXEMELGAS/OS

B) CANDO A REDUCCIÓN DE XORNADA SEXA SUPERIOR AO 15% E ATA O 33,33% DA XORNADA LABORAL E A SÚA DURACIÓN SEXA POLO TEMPO MÁXIMO DE 8 MESES:

- 2.700 EUROS SE É A/O PRIMEIRA/O FILLA/O.
- 3.000 EUROS SE É A/O SEGUNDA/O FILLA/O OU SE SON XEMELGAS/OS.
- 3.300 EUROS SE É A/O TERCEIRA/O FILLA/O OU SE SON TRIXEMELGAS/OS.

C) CANDO A REDUCCIÓN DE XORNADA SEXA SUPERIOR AO 33,33% E ATA O 50% DA XORNADA LABORAL E A SÚA DURACIÓN SEXA POLO TEMPO MÁXIMO DE 8 MESES:

- 3.000 EUROS SE É A/O PRIMEIRA/O FILLA/O.
- 3.300 EUROS SE É A/O SEGUNDA/O FILLA/O OU SE SON XEMELGAS/OS.
- 3.600 EUROS SE É A/O TERCEIRA/O FILLA/O OU SE SON TRILLIZAS/OS.

As contías son as máximas aplicables aos casos en que a reducción de xornada corresponda a unha persoa contratada a xornada completa, cando estivese contratada para unha xornada laboral de duración inferior, as contías das axudas diminuirán proporcionalmente.

-Cando a redución de xornada non se solicite polo período máximo de 8 meses as contías reduciranse proporcionalmente.

- PARA O CÁLCULO DA CONTÍA DA AXUDA TERANSE EN CONTA UNICAMENTE ÁS/AOS FILLAS/OS MENORES DE 12 ANOS, AGÁS NO CASO DA FILLA/O POLA/O QUE SE SOLICITA A REDUCCIÓN DE XORNADA, QUE TERÁ QUE SER MENOR DE 3 ANOS.

#### 10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**ATA O 31 DE AGOSTO DE 2010.**

#### 11. INCOMPATIBILIDADES

ESTA AXUDA SERÁ **COMPATIBLE** CON CALQUERA OUTRA QUE, COA MESMA FINALIDADE, TEÑAN ESTABLECIDAS OU PUIDESEN ESTABLECER CALQUERA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO POR CALQUERA ENTIDADE PRIVADA.

#### 12. REFERENCIA LEGISLATIVA

**RESOLUCIÓN DO 23 DE ABRIL DE 2010** (PUBLICADA NO D.O.G. O 30 DE ABRIL DE 2010)

#### 13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

AS SOLICITUDES, XUNTO COA DOCUMENTACIÓN REQUERIDA, DEBERÁN DIRIXIRSE Á **SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE.**

#### 14. OBSERVACIÓNS

- A **CONTÍA DA AXUDA** CONCEDIDA SERÁ ABOADA NUN **PAGAMENTO ÚNICO** POLO IMPORTE QUE CORRESPONDA.

- NO **PRAZO DE UN MES** DENDE A DATA EN QUE REMATE O PERÍODO ACOLLIDO Á SUBVENCIÓN, DEBERASE XUSTIFICAR O MANTEMENTO DA SITUACIÓN SUBVENCIÓNADA MEDIANTE REMISIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DUNHA CERTIFICACIÓN DA EMPRESA OU DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA CORRESPONDENTE, SE É O CASO, NA CAL SE ACREDITE QUE SE PERMANECEU COA REDUCCIÓN DE XORNADA QUE DEU DEREITO Á AXUDA DURANTE O PERÍODO SOLICITADO.